

Cocos, monstros

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Un fantasma na ermida dos Remedios de Mondoñedo



O 4 de decembro de 1903 o xornal *El Correo de Galicia* publicaba unha nota na que daba conta da visión dun fantasma polos arredores da ermida da Nosa Señora dos Remedios, Mondoñedo (Lugo). A visión repetiuse varias noites e as testemuñas describen o fantasma como un home “*de colosal estatura, cubierto con una especie de túnica negra y que aparece y desaparece lanzando ayes lastimeros que llenan de pavor a los veciños de aquellos contornos*”.

A garda civil fixo indagacións e inspeccionou os lugares onde se deixou ver pero sen resultado.